

# Termalismo Deputación de Pontevedra “Depotermal 2018”

## Normativa

**Bases reguladoras do programa “Depotermal” para o ano 2018.** (BOPPO do 12/2/2018). **Extracto** (BOPPO do 13/2/2018)

## Obxecto

Fomentar o envellecemento activo e mellorar a calidade de vida das persoas, establecendo novas relacións sociais e favorecendo a participación en actividades que melloren o seu estado anímico, por medio de movementos de participación e cooperación social que promovan espazos de encontro e intercambio de experiencias co fin de evitar o illamento e as situacións de soidade que poidan levar á vulnerabilidade

Poderán adherirse a este plan termal “DEPOTERMAL 2018” os concellos da provincia de Pontevedra.

O plan termal 2018 pon en marcha dous programas termais cun total de 4.434 prazas, as que se poderá acceder solicitándoo nun mesmo formulario:

- a. **Programa de asistencia diaria a balnearios durante cinco días consecutivos:** 1.248 prazas.
- b. **Programa termal de pernoctación:** 3.186 prazas.

## Beneficiarias do plan termal e requisitos

Persoas empadroadas na provincia de Pontevedra que non padezan ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do plan e que cumpran algún dos seguintes **requisitos**:

- a. Nacer antes do 1 de xaneiro de 1968 (acreditarase cunha fotocopia do DNI ou do NIE).
- b. No caso de nacer o 1 de xaneiro de 1968 ou con posterioridade, ter a condición de pensionista polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións (achegarase unha fotocopia do certificado correspondente)
- c. No caso de nacer o 1 de xaneiro de 1968 ou nunha data posterior, ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, que se acreditará coa tarxeta ou certificado de recoñecemento do grao de discapacidade
- d. **Precisar dun respiro familiar**, o que se acreditará mediante un **informe do traballador/a social dos servizos sociais comunitarios básicos**.

No caso de parellas que desexen participar no plan xuntos, é preciso que as dúas persoas cumpran os requisitos.

As persoas beneficiarias deben reunir **ademais** os seguintes requisitos:

- a. Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos, nin padecer unha enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- b. Poder valerse de maneira autónoma para as actividades da vida diaria Adhesión dos concellos.

## Adhesión dos concellos

Todos os concellos da provincia de Pontevedra poderán sumarse ao plan mediante un acordo de adhesión (modelo número 231.003 D) adoptado polo órgano competente, remitindo unha certificación expedida pola Secretaría do concello.

- **Certificación de adhesión**

## Prazo para a presentación de solicitudes de adhesión para os concellos

Rmpezará o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará en 20 días naturais. **Ata o 5 de marzo de 2018.**

Os concellos que se adhiran ao plan actuarán como entidades colaboradoras na xestión do plan, o que supón a obriga da recepción das solicitudes das persoas empadroadas no seu concello, o envorcado de datos na folla Excel, así como determinar qué usuarios/as se beneficiarán das prazas reservadas para persoas en situación ou risco de exclusión social, acreditado mediante Informe Social do/a traballador/a social dos Servizos Sociais Comunitarios.

As **persoas interesadas en participar no plan de concellos non adheridos** deberán entregar a solicitude no Rexistro xeral da Deputación ou en calquera das oficinas de rexistro e participarán tan só coa subvención da Deputación.

## Descrición do plan

### a. Programa de asistencia diaria

Consiste en pasar cinco días consecutivos (de luns a venres), en quenda de mañá ou tarde, utilizando durante un mínimo de dúas horas as instalacións dun balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares, da provincia de Pontevedra, incluíndo os traslados en autocar, con guía acompañante dende os concellos de orixe ata o establecemento escollido e viceversa.

As persoas beneficiarias do programa poderán elixir indistintamente, no momento da solicitude, o establecemento que máis lles satisfaga entre os ofertados pola empresa adxudicataria..

### b. Programa termal de pernoctación en réxime de pensión completa:

Ofrece unha estancia de seis días e cinco noites nun hotel con balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa e con actividades de animación sociocultural.

O paquete inclúe, ademais da estadía e a pensión completa (coas bebidas incluídas), a utilización do spa, balneario ou outras instalacións de características similares un mínimo de dúas horas ó día e os traslados en autobús desde os concellos de orixe ata o establecemento escollido e viceversa.

A entrada no hotel será os domingos pola tarde e a saída será os venres despois do xantar.

Os beneficiarios do programa poderán elixir indistintamente, no momento da solicitude, o establecemento que máis lles satisfaga entre os ofertados pola empresa adxudicataria.

- Establecementos e prezos
- **Informe de accesibilidade dos establecementos participantes | Folleto**

As estadias nos establecementos poderán realizarse ata o 31 de decembro de 2018.

## Financiamento

Poderán ser beneficiarios das prazas de reserva subvencionadas, as persoas dos concellos adheridos que cumprindo os requisitos carezan de recursos económicos suficientes para facer fronte o custo do programa e o xustifiquen mediante Informe Social do/a traballador/a social dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais, que reflecta dita situación: risco de exclusión social, escasos recursos económicos e idoneidade do programa para o/a usuario/a solicitante. Este informe será remitido directamente dende os servizos sociais comunitarios municipais ao organismo provincial.

Os prezos dos dous programas expóranse ó público na páxina web **www.depo.es** e daranse a coñecer a través dos medios de comunicación unha vez rematado o proceso de contratación.

## Documentación:

### Documentación dos participantes:

- Formulario de solicitude (web)
- 231.003 Formulario de solicitude (pdf), sinalando un só establecemento termal para cada modalidade do programa
- Copia do DNI ou NIE e, segundo o caso, o certificado da pensión ou o certificado da pensión, a tarxeta ou o certificado de recoñecemento do grao de discapacidade, ou o informada traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios básicos para xustificar a condición de persoa beneficiaria do respiro familiar, tanto no caso da persoa solicitante coma da acompañante.

No caso das prazas reservadas subvencionadas deberá remitirse a valoración social referida na base quinta.

### Documentación dos concellos adheridos:

Logo de finalizado o prazo de recepción de solicitudes, deberán remitir ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude da Deputación de Pontevedra:

- **231\_003E Formulario de Relación Nominal de persoas solicitantes de praza a través de SS.SS Comunitarios ( a cubrir polo Concello)** por correo electrónico (**cohesionsocialexuventude@depo.es**).
- a. Os orixinais das solicitudes presentadas no concello coa documentación requirida.
- b. No caso das prazas reservadas subvencionadas deberán enviar o Informe Social para xustificar a escaseza de recursos económicos e/ou situación ou risco de exclusión social, que faga adecuada a participación do usuario/a como beneficiario/a das prazas de reserva subvencionadas, así como a idoneidade do programa para o/a usuario/a solicitante. **231.001C Formulario de valoración social para solicitudes a través de Servizos Sociais Comunitarios ( a cubrir polo Concello)** | **231.003B Formulario de valoración social para solicitudes por respiro familiar ( a cubrir polo Concellos)**

## Lugar de presentación:

Para os participantes de concellos adheridos ao plan termal “DEPOTERMAL 2018” o lugar de presentación de solicitudes será o departamento de Servizos Sociais do propio concello.

Para os participantes dos concellos non adheridos ó plan:

- Rexistro xeral do organismo provincial:
  - Sede de Pontevedra: avda. Montero Ríos, s/n (de luns a sábado)
  - Sede de Vigo: rúa Oporto, 3 (de luns a venres)

## Prazo e inscrición de participantes

Trinta días naturais a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe de concellos adheridos na web da Deputación

**Teléfonos de contacto:** 986 804 100 - ext. 41222 e 41229

**Correo electrónico:** **cohesionsocialexuventude@depo.es**

---

[Imprimir](#)